

 XUNTA DE GALICIA	C.E.I.P. Plurilingüe FRIAN - TEIS
	Rúa Gonderán 42 - 36206 VIGO (PONTEVEDRA) Telf: 886 12 01 61 - Fax: 886 12 01 62; CIF: S-8600032-J e-mail: ceip.frian.teis@edu.xunta.es - http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/

Prezadas familias:

A época estival está chegando ao seu fin, pero todo fin ten un novo comezo, por iso, comprácenos darvos a benvida ao novo ano académico 2021-2022.

O vindeiro **xoves, 9 de setembro**, as portas das aulas abriráanse de novo, para iniciar un curso cheo de ilusión, esforzo, ganas de aprender, superarse e crecer.

Como ben sabedes, a época de pandemia, que nos está a tocar vivir, mudou as vidas de toda a sociedade, o cal se viu reflexado nos centros educativos. O curso pasado, o alumnado voltou a unha escola chea de normas novas, ás que nenos e nenas se adaptaron a perfección, polo que se converteron nun gran exemplo para todos e todas.

Neste curso, as normas deben manterse, o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de estudo non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, apenas sufriu modificacións respecto ao anterior, polo que nos vemos na obriga de continuar a respectar o seguinte:

Uso da máscara obrigatorio a partir dos 6 anos de idade. Tamén será obrigatorio levar, cando menos, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.

Organización do alumnado en grupos de convivencia estable. Evitando as interaccións entre eles. Como novidade, isto levarase a cabo, agás se a transmisión é moi baixa, permitíndose que os citados grupos interaccionen con outros do mesmo curso, sobre todo ao aire libre.

Hixiene de mans: para o alumnado de Educación Infantil, priorizarase o uso de agua e xabón; mentres que para o alumnado de Educación Primaria, extremarase o coidado coa utilización do xel hidroalcohólico.

Ventilacións periódicas dos espazos, para evitar a transmisibilidade.

Os grupos de convivencia estable, desfrutarán de **recreos en espazos e tempos diferenciados**.

As **entradas** continúan a facerse de forma escalonada, pero cun pequeno reaxuste horario, respecto ao curso anterior:

HORA	ACCESO	CURSOS
De 8:50 a 9:10	Portalón comedor (patio cuberto)	4º, 5º e 6º de Educación Infantil
De 8:50 a 9:00	Porta principal (patio de educación vial)	4º, 5º e 6º de Educación Primaria
De 9:00 a 9:10	Porta principal (patio de educación vial)	1º, 2º e 3º de Educación Primaria

*No caso de irmáns, poderán acceder no horario do/a de maior idade, pola porta que lle corresponda a éste/ésta.

**Cómpre recordar que co fin de evitar aglomeracións, as familias non terán acceso ao centro educativo, polo que o alumnado será recollido e/ou guiado por mestres/as na entrada ao mesmo.

O horario de **saída**, segue a ser do seguinte modo:

HORA	ACCESO	CURSOS
13:45	Portalón comedor (patio cuberto)	4º, 5º e 6º de Educación Infantil
13:50	Porta principal (patio de educación vial)	1º e 2º de Educación Primaria
13:55	Porta principal (patio de educación vial)	3º e 4º de Educación Primaria
14:00	Porta principal (patio de educación vial)	5º e 6º de Educación Primaria

Non asistencia ao centro educativo con sintomatoloxía

compatible coa Covid-19, así como cando se atopen **á espera do resultado de PCR**, ou **sexan contacto estreito** dalgunha persoa diagnosticada.

Para celebración de **entrevistas individuais e titorias** priorizaranse as **canles telemáticas** (videoconferencias e chamadas telefónicas).

Por outra banda, lembre que o centro empregará abalarMóbil para enviar comunicacións e informacións, polo que debes ter descargada a aplicación e ter os datos relativos ao voso número de teléfono móbil actualizados na secretaría do centro.

Por último, queremos informar de que, unha vez comezado o curso, cara o mes de outubro, seredes convocados/as polos/as titores/as de cada grupo a unha reunión informativa.

Un cordial saúdo.

O Equipo Directivo do C.E.I.P. Plurilingüe Frián-Teis